

## Habitando pinturas X. M. Lens



**E**xiste unha paisaxe aparentemente única no traballo de Carlos Maciá. A súa *Lenda do tempo*, nome da actual exposición presentada no MACUF (resultado da Bolsa de Creación Artística no Estranxeiro Unión Fenosa), permite achegarse ao seu anovador modo de actuar e procesar desde os terreos da pintura. Investigacións que leva pescudando nun proceso de rupturas e fracturas no comunicativo, no visual.

**CARLOS MACIÁ.**  
**MACUF, A Coruña.**  
**Xullo**

puidemos ver recentemente nas intervencións en Cubo Azul (León) ou SKL (Palma de Mallorca), o seu modo de proceder mudou dun xeito, como veremos, aparentemente radical. Asistimos a composicións nas que aposta por unha minimización de elementos pictóricos, trazos e xestos limpos rexistrados sobre superficies brancas. Unha sorte de pantalla unificada pola sinxeleza que se vai conformando con trazos dunha experiencia, un sismógrafo, sin-

tetizado en liñas negras que alternan entre xestos de espirais e tanxentes. Presenciamos unha clara evolución cara a motivos que derivan da escritura, da grafía, e que remiten aos traballos inmediatos deste autor, especialmente nas súas series “Sakura” e “Air Click”. Unha aparente fragilidade de elementos que se entrecruzan na superficie das pezas.

Pero o radical da proposta distínguese nunha exposi-

ción onde presenciamos unha vontade pictórica de carácter expansiva, que nace nos propios cadros que se distribúen polo espazo expositivo petando no vertical das salas, invadindo as propias paredes; presenciamos unha *Lenda do tempo* que se dispersa despois na horizontalidade dun muro curvo, que se ofrece ao visitante apertando nunha escenografía evocadora, urbana. Unha dependencia de carácter urbana, colectiva, que xa atopabamos noutras experiencias e intervencións do autor, principalmente as realizadas na Chocolataría (Compostela) ou en Casaborne (Antequera). O vídeo que podemos ver antes de saír, como as diversas fotografías expostas, incorporan unha investigación pictórica dentro do visual, narrativa, sen descoirdar os parámetros máis habituais da pintura, unha narración que remarca os valores conceptuais, de luz e brillos, nesa ampliación do espazo e do eixe creativo da pintura. Pensando, habitando un espazo.